

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE A MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección do medio ambiente é un deber inexcusable das administracións públicas. E non só iso, senón que a propia sociedade ten día a día máis sensibilidade en torno ó respecto do medio natural e da conservación dos nosos recursos. A conciencia colectiva nesta materia vese especialmente reforzada cando falamos da auga, que é un ben básico non só ambiental, senón imprescindible para a nosa vida.

A cultura de protección das augas ten un longo percorrido, pero como máximo acicate na súa implementación legal pódese salientar a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000 pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, o que comunmente se denomina Directiva Marco da Auga. Esta normativa fixa non só unha serie de directrices e de obxectivos medioambientais ó respecto das masas de auga, senón que obriga a establecer un programa de medidas para lograr estes obxectivos e un procedemento sancionador se non se cumplen.

Poñemos enriba da mesa unha obviedade se dicimos que o saneamento e depuración das augas no núcleo urbano de Chantada é deficiente. E non só o dicimos polo sentimento subxectivo que poda ter a veciñanza ó ver como saen augas sen control ó río ou os cheiros que emanen, senón por unha serie de datos contrastables, como as frecuentes sancións que por verquidos ó río Asma se dan conta nas Xuntas de Goberno Local. É polo tanto unha necesidade impostergable actuar nesta materia, e facelo canto antes e coordinadamente.

E non é aleatoria a elección da palabra “coordinadamente”. A evacuación e tratamento de augas residuais é unha competencia propia dos concellos, segundo figura no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, así como no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Todo elo sen perxuizo as competencias que sobre a materia podan ter tamén as administracións autonómica e central. Non é menos certo a competencia que estas mesmas administracións teñen en canto a obras hidráulicas de interese xeral, cuxo ámbito e dimensión poda trascender ó municipio, pero dende logo que a iniciativa debe partir do Concello, organismo non só responsable senón máis próximo ó problema.

Dende este Grupo levamos moito tempo preocupados por esta problemática, non só inquerindo nos Plenos municipais sobre as sancións recibidas ou preguntando sobre as

peticións que se puideran estar realizando a Augas de Galicia como contraprestación polo Canon da auga que se lles cobra á veciñanza. Tamén manifestamos a nosa inquietude respecto dos verquidos que se produciron no río Enviande e solicitamos a personación do Concello como institución no trámite de alegacións.

Faise imprescindible, por tanto, unha actuación decidida, coordinada e estratéxica, non só para poñer fin ós verquidos, senón para ter unha solución eficaz, duradeira e sostible que conserve a calidade das augas do río Asma e que proporcione un servizo de saneamento acorde. E tamén se fai imprescindible facelo canto antes, deixando atrás dunha vez a inacción que, ó igual que noutros moitos asuntos, ten o Goberno local nesta materia. Pois xa que non ten o Goberno local a iniciativa, propón o noso Grupo un marco de acción polo ben común do concello, que trascende ó partidismo, que busca unir esforzos e aportar solucións para esta inquietude ambiental e social.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Instar ó Goberno Municipal á mellora integral do sistema de saneamento e depuración de augas da vila de Chantada baseada no seguinte proceso:
 - a) Solicitar por escrito a Augas de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a asistencia técnica precisa para unha avaliación integral do actual sistema de saneamento de Chantada que mediante un estudo de alternativas estableza as actuacións idóneas.
 - b) Que no marco desa colaboración se contraten e se redacten os proxectos técnicos preceptivos para o deseño das obras.
 - c) Que mediante os acordos e convenios que sexan precisos se aborde con Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a necesaria e xusta cofinanciación das actuacións a realizar tendo en conta que se trata dunha obra de interese xeral e que en desenvolvemento do mesmo se contraten as obras e a necesaria dirección técnica.
- 2) Constituir unha Comisión especial de seguemento con participación de tódolos grupos como foro de transmisión de información, participación política e colaboración institucional.

Chantada, 5 de novembro de 2018,



Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista

